



AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA AS AXUDAS PARA REFORMA DE BAÑO

O Concello de Camariñas amplía o prazo para a presentación de solicitudes de **REFORMA DE BAÑO (cambiar bañeira por prato de ducha)** para os veciños que teñan recoñecida unha dependencia en grado I, II e III ou persoas cunha discapacidade superior ao 65 %.

Para formalizar a solicitude deberán presentar, no departamento de Servizos Sociais, a seguinte documentación:

- DNI.
- Volante de empadramento colectivo
- Xustificante de pertencer a algún dos colectivos sinalados.
- Xustificante de ingresos de todos os convivintes con parentesco ou non
- Presuposto da reforma detallado

Concederanse un total de **3 axudas por un valor de 800 €** cada una.

O criterio a seguir para a concesión será a situación económica da unidade de convivencia, é dicir as cinco solicitudes con renda per cápita mais baixa.

Para a xustificación de ingresos será necesario presentar a declaración da renda ou datos fiscais correspondentes ao exercicio 2016, xustificante das pensión de España e do estranxeiro relativas a ese mesmo exercicio, nóminas ou calquera outro documento imprescindible para a valoración.

O prazo para solicitar é desde o día 26 de febreiro ao 9 de marzo de 2018

Para máis información poden dirixirse ao departamento de Servizos Sociais, situado na casa de pedra.

Lembrámoslles que deben pedir a cita previa persoalmente ou chamando ó teléfono **981 73 70 04**.

Camariñas, 23 de febreiro de 2018

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,

Sandra Insua Rial